

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de decembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día tres de decembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2120).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA ORGANIZAR A II SUBIDA Ó CASTRO, O DÍA 9.12.07. EXPTE. 7366/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 14.11.07., conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Asociación Deportiva RP3, a organizar o vindeiro 9 de decembro de 2007, a SUBIDA O CASTRO, a partir das 12.00 horas, dende a rúa Canovas del Castillo e atravesando as rúas, Praza do Berbés, Teófilo Llorente, Escalinatas Mercado da Pedra, Praza da Pedra, Praza de Almeida, Cesteiros, Praza da Constiución, Porta do Sol, Escalinatas Edificio Simeón, Paseo de Granda, Praza do Rei,

Avda. Das Camelias, Paseo dos Cedros, Paseo de Rosalía de Castro, rematando no Castelo do Castro donde se atopa a meta.

2(2121).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 675,60 € A FAVOR DE GARPE POLA REALIZACIÓN DE COPIAS DO PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL. EXPTE. 74174/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe de fiscalización do 26.11.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.11.07, conformado polo xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

Con rexistro de entrada no rexistro xeral deste Concello de 25.10.2007, doc. nº 70118872, recibíase escrito da Dirección Xeral de Protección Civil da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, solicitandonos a urxente remisión de tres exemplares selados en papel do “Plan de Emerxencia Municipal” do noso Concello.

Considerando que na Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade tan só dispoñíase do Plan en formato dixital, que non contamos con recursos materiais para realizar a impresión e encudernación do mesmo, e que nin o Servizo de Informática nin calquera outro municipal podíanos realizar este traballo, debido á urxente necesidade de dispor deste material para a súa remisión á Consellería procedimos a encargar o mesmo a GARPE COPISTERÍA DIXITAL, sita a Avda de Camelias nº 111, por ser a única copistería que nos realizaba dito traballo.

Polos motivos expostos, realizouse un gasto por importe de 675,60 €, segundo se constata na factura FC/00001073, sen tramitarse previamente o correspondente expediente de fiscalización e autorización do gasto.

Polo exposto, interésase convalidar o gasto realizado sen fiscalización previa, e que figura na factura FC/00001073 que se achega, por un importe total de 675,60 € (ive incluído) con cargo á partida 2220.2270605 (Estudios e Traballos Técnicos) a favor de GARPE (D. José Manuel Pena Villar, DNI 35964989-G).

Sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención, a seguinte, PROPOSTA:

Convalidar o gasto realizado sen fiscalización previa, e que figura na factura FC/00001073 que se achega, por un importe total de 675,60 € (ive incluído) con cargo á partida 2220.2270605 (Estudios e Traballos Técnicos) a favor de GARPE (D. José Manuel Pena Villar, DNI 35964989-G).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(2122).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 20.000 € A FAVOR DE CURZ ROJA ESPAÑOLA POLA AMPLIACIÓN DO CONVENIO DE SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS-2007. EXPTE. 74715/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe de fiscalización do 26.11.07, dáse conta do informe-proposta da xefa de Transportel, do 22.11.07, conformado polo concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 11 de xuño de 2007 aprobou o proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Roja Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do municipio de Vigo dende o día 16 de xuño até o 22 de agosto, autorizando o gasto, a dispoñibilidade de crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivados da estipulación DECIMA do Convenio por un importe de 120.000 euros con cargo á partida 223.0.227.06.00 do orzamento municipal.

O Convenio firmouse en data 14 de xuño de 2007. Na cláusula DECIMA do citado Convenio estableceuse que para o caso de que na data de finalización do período de vixencia do Convenio (22 de agosto de 2007) se dipoña de crédito suficiente para manter o servizo até o 15 de setembro realizaríanse os trámites necesarios para a prórroga do mesmo.

Na sesión plenaria celebrada en data 30 de xullo de 2007 foi aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 110/07 e publicado no BOP de data 20 de agosto para información pública, no que se prevía un incremento da partida 223.0.27.06.00 por un importe de 20.000 euros (IVE incluído) cantidade correspondente á prestación do servizo até o 16 de setembro do presente ano; motivo polo que se dictou orden de servizo para ampliación do Convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Roja Española para a prestación do servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias para o ano 2007 de conformidade coa proposta presentada, debendo presentar a memoria do operativo prestado antes do 30 de setembro.

Como queira que a modificación de crédito non foi obxecto de alegacións aprobouse definitivamente.

O servizo foi efectivamente prestado, presentando a memoria do operativo na data prevista.

En data 20 de novembro de 2007 Cruz Roja Española presenta a factura nº 36057/61-07, por un importe de 20.000 EUROS.

Polo exposto considérase que procede a indemnización substitutiva do gasto derivado das actuacións realizadas con motivo da ampliación do Convenio para o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas 2007, por un importe de 20.000 EUROS, a favor de Cruz Roja Española, C.I.F Q-2866001-G.

Sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PRO-POSTA

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado das actuacións realizadas con motivo da ampliación do Convenio para o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas 2007, por un importe de 20.000 EUROS, a favor de Cruz Roja Española, C.I.F Q-2866001-G.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(2123).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA CONSTITUIDO PARA A CELEBRACIÓN DA V FEIRA TRIANERA-2006. EXPTE. 74088/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe de fiscalización do 26.11.07, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 22.11.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 31 de maio de 2006, por don Vicente González Pereira, presidente da Asociación Cultural Triana, con CIF G: 36895993 , por un importe de 1800 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da V FEIRA TRIANERA os días 01 a 04 de xuño de 2006, por non producirse danos na vía pública.

5(2124).- RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DA INSCRICIÓN DA RÚA CANADELO ALTO COMO CONSECUANCIA DA SEGREGACIÓN DA MESMA EN DÚAS FINCAS INDEPENDENTES. EXPTE. 4620/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 19 de marzo de 2007, acordou segregar en dous a finca descrita co código 1 07 02 00 (C. Rueiro 01540), “Rúa Canadelo Alto”, pasando a formar dúas fincas independentes coa seguinte descrición:

- *Código: 1070200.
C. Rueiro: 01540
Denominación: Rúa Canadelo Alto.
Orixe: Rúa Navarra.
Final: Rúa Pino.
Escala: 1/1000.
Nº Folla: 18-24.
Valor taxación: 6.241,60 €.
Lonxitude: (332-15,58)=316,42 ml.
Sección: 5,50.
S. total: 1.753,50 m2.*
- *Propietario: Concello de Vigo, inventariado como vía pública.
Situación: rúa Canadelo Alto-tramo 15,58 ml.
Superficie: 72,50 m2.
Lindeiros:*

- Norte: Tramo de rúa Canadelo Alto hacia o norte;
- Sur: Rúa Vía Norte –túnel do tramo sur da rúa Canadelo Alto-;
- Leste: “Promociones y construcciones Pérez Paz, S.L.”;
- Oeste: Comunidade de propietarios nº 1 da rúa Vía Norte.

Segundo.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 17 de setembro de 2007, acordou rectificar a inscrición inventarial da Rúa Canadelo Alto nos termos resultantes da segregación acordada pola citada acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de marzo de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas se atopa a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

Co fin de actualizar o Inventario Municipal de Bens e Dereitos, adecuando os seus asentos a nova realidade física e xurídica resultante dos acordos adoptados, procede a súa rectificación conforme ó disposto nos preceptos citados. Así, en primeiro lugar se dará de baixa a rúa Canadelo Alto tal e como aparece inventariada na actualidade, para a continuación dar de alta os dous tramos en que se divide trala segregación acordada pola Xunta de Goberno Local en data 19 de marzo de 2007.

A tal efecto, as parcelas resultantes da segregación realizada, constan cos seus datos actualizados nas fichas de propiedade do Inventario Municipal anexas ó presente informe e sométense á aprobación do órgano de goberno competente.

Segundo.- Resulta competente para a adopción do acordo de alta inventarial e posterior inscrición rexistral no Rexistro da Propiedade dos dereitos reais obxecto do presente expediente a Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no artigo 127.1.f LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio municipal.

En mérito ó que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

“ 1º.- Dar de baixa no Inventario Municipal de Bens e Dereitos a propiedade descrita co código 1 07 02 00 (C. Rueiro 01540), “Rúa Canadelo Alto”, do Epígrafe 1 Bens Inmóbles do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, con orixe na Rúa Navarra e final na Rúa Pino, e unha lonxitude de 332 ml.

2º.- Dar de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos a propiedade descrita co código 1 07 02 00 (C. Rueiro 01540), “Rúa Canadelo Alto”, do Epígrafe 1 Bens Inmóbles do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, de acordo coa seguinte descrición:

- Urbana: vía pública
Título de adquisición: prescrición inmemorial
Código: 1070200.
Código de Rueiro: 01540.
Denominación: Rúa Canadelo Alto.
Orixe: Rúa Navarra.

Final: Rúa Canadelo Alto- tramo 15,58 ml.

Escala: 1/1000.

Nº Folla cartográfica: 18-24.

Valor taxación: 6.241,60 €.

Lonxitude: 316,42 ml.

Sección: 5,50.

Superficie total: 1.753,50 m2.

3º.- *Dar de Alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos a propiedade descrita co código 1 07 02 00 (C. Rueiro 01540), “Rúa Canadelo Alto- tramo 15,58 ml”, do Epígrafe 1 Bens Inmobles do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, de acordo coa seguinte descrición:*

- *Urbana: vía pública*

Título de adquisición: prescripción inmemorial

Código: 1070200.

Código de Rueiro: 01540.

Denominación: Rúa Canadelo Alto- tramo 15,58 ml.

Orixe: Rúa Canadelo Alto.

Final: Rúa Pino.

Escala: 1/1000.

Nº Folla cartográfica : 18-25.

Valor taxación: 258, 06 €.

Lonxitude: 15,58 ml.

Sección: 5,50.

Superficie total: 72,50 m2.

Lindeiros:

- *Norte: Tramo de rúa Canadelo Alto cara ó norte;*
- *Sur: Rúa Vía Norte –túnel do tramo sur da rúa Canadelo Alto-;*
- *Leste: “Promociones y construcciones Pérez Paz, S.L.”;*
- *Oeste: Comunidade de propietarios nº 1 da rúa Vía Norte.*

3º.- *Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade interesando a inscrición rexistral das propiedades resultantes da segregación.*

4º.- *Dar traslado do presente acordo ó vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(2125).- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS E A FORMACIÓN DO INVENTARIO SEPARADO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, SUSCRITO COA MERCANTIL SOLOPLAN S.L. EXPTE. 18135/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 12.11.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 2.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo intevector xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Comisión Municipal de Goberno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 21 de decembro de 2001, resolveu o concurso público convocado para a adxudicación do contrato de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo, acordando a súa adxudicación á empresa SOLOPLAN S.L., de acordo co prego de cláusulas administrativas aprobadas en sesión ordinaria da Comisión de Goberno de 6 de agosto de 2001, e a oferta presentada. Acordo de adxudicación formalizado en documento administrativo, suscrito entre as partes en data 22 de xaneiro de 2002 .

Segundo.- Unha vez formalizado o contrato constituíuse unha Comisión de Seguimento da execución do mesmo, en cumprimento do disposto na cláusula VIII do prego de prescricións técnicas que o rexe. Tras o vencemento do prazo contractual, e unha vez verificado por parte desta comisión o incumprimento do contrato por parte da empresa contratista SOLOPLAN S.L., a Comisión, en data 6 de setembro de 2003, formulou proposta á Comisión Municipal de Goberno para a incoación dun expediente administrativo de resolución do contrato. Tras a instrución do correspondente expediente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2004, acordou a resolución do devandito contrato e dispuxo a perda da garantía definitiva constituída por SOLOPLAN, mediante aval da Caixa de Aforros e pensións de Barcelona por importe de 6.010'12 € (Registro especial de abaleo nº 9340.03.0352512-19).

Terceiro.- D. Ricardo Rodríguez Moreno, na súa calidade de administrador único da sociedade SOLOPLAN, en nome e representación da mesma, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de novembro de 2004, interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de resolución contractual, recurso desestimado por resolución de este órgano de data 26 de decembro de 2005, a cal foi obxecto de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado nº 2 de Vigo, desestimado a súa vez por sentenza de data 3 de maio de 2007, polo que resulta preciso proceder á liquidación do contrato.

Cuarto.- O importe do contrato adxudicado a SOLOPLAN S.L era de 25.000.000 de pesetas (150.253, 03 €), regulándose a forma de pagamento na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso aberto da asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal

de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo, segundo o cal o prezo aboarase en dous prazos, cada un do 50% do importe total. O primeiro destes prazos, dun importe de 75.126, 50 € foi aboado ó contratista en data 31 de outubro de 2002.

Quinto.- Por Decreto do Concelleiro Delegado de Patrimonio, de data 7 de setembro de 2007, incoouse expediente contradictorio para a liquidación do mencionado contrato, do cal se lle deu traslado ó contratista, concedéndolle trámite de audiencia, para a formulación das alegacións e a achega da documentación que na defensa dos seus intereses tivese por conveniente. D. Ricardo Rodríguez Moreno, en nome e representación de SOLOPLAN S. L. presenta alegacións en data 24 de setembro do mesmo ano.

Sexto.- Para a liquidación do contrato é preciso coñecer e valorar os traballos efectivamente entregados pola contratista, neste senso, emitíronse informes polos diversos servizos municipais implicados nas tarefas de revisión inventarial. Así, constan no expediente:

- Informe do Sr. Arquitecto municipal da oficina técnica de patrimonio, de data 17 de marzo de 2004.
- Informe da Sra. arquitecta municipal da oficina técnica municipal de planeamento, de data 2 de maio de 2007.
- Informe do Sr. Xefe do servizo de informática e comunicacións deste concello, de data 14 de maio de 2007.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

-I-

O Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, que regula os contratos das Administracións Públicas, establece entre as causas de resolución do contrato "a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista" (artigo 111.e), así como tamén "o incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais" (artigo 111.g), cos efectos substanciais da incautación da fianza definitiva constituída polo contratista para garantir o cumprimento do contrato, e a salvo da posible iniciación do preceptivo procedemento de indemnización dos danos e perdas ocasionados que excedan do importe da garantía incautada, de acordo co disposto no artigo 113.4, en relación co artigo 43.2, do citado texto legal.

O procedemento para a resolución dos contratos administrativos é regulado no artigo 109 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e comprende os seguintes requisitos:

- Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.
- Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador si se propón a incautación da garantía.
- Informe da Secretaria Xeral e da Intervención municipais.
- Ditame do Consello Consultivo da Comunidade autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte del contratista.

Unha vez cumpridos estes trámites e declarado resolto o contrato por resolución da Xunta de Goberno Local de data 13 de setembro de 2004, que dispuxo a perda da garantía definitiva constituída por SOLOPLAN, mediante aval da Caixa de Aforros e pensións de Barcelona por importe de 6.010'12 € (Rexistro especial de abaleo nº 9340.03.0352512-19), procede a liquidación do contrato, determinando o quantum indemnizatorio correspondente.

A contratista nas alegacións formuladas manifesta ter cumprido o contrato. Así, pon de releve ter entregado os traballos correspondentes a cada unha das anualidades, segundo consta nas Actas da Comisión municipal de seguimento deste contrato de datas 7 de outubro de 2002 (primeira anualidade e programa informático) e 19 de maio de 2003 (segunda anualidade), polo que reclama o aboamento da contía que lle resta por cobrar do prezo fixado para o contrato: 87. 676, 85 €. En xustificación destes extremos adxunta:

- Un escrito de data 8 de maio de 2003 cunha relación da documentación da que fai entrega á Administración, na que consta firmado un recibín, en data 12 de maio do mesmo ano, por parte dun funcionario municipal.
- Un informe de valoración dos traballos realizados, especificados por partidas, cuantificándose os custos totais en 162. 803, 35 €. Dado que ten cobrado desta Administración un primeiro prazo de 75. 126, 50 €, conclúe que réstalle por cobrar 87. 676, 85 €.

Do exame do contido de ditas alegacións, procede facer as seguintes consideracións:

1º.- Se ben é certo que na acta da comisión de seguimento do contrato de data 7 de outubro de 2002 se di literalmente que se acorda por unanimidade dos membros presentes “acepta-la aplicación que está implantando a firma Soloplan e dar por cumpridos os requisitos esixidos para a cumprimentación da primeira anualidade”, o certo é que o acordo se adopta en base tanto a que efectivamente se tiñan entregado traballos de revisión de propiedades municipais, como ó manifestado pola empresa sobre o cambio de programa informático con respecto ó ofertado. Soloplan manifesta que consideraba inviable este programa informático por presentar “dificultades para o volcado de datos, nula ou moi reducida adaptabilidade ós desexos do Concello, lonxanía de centro de decisión para actuacións sobre o programa (Cataluña e París) e dificultades para a tradución ó galego”. No entanto, unha vez entregados estes primeiros traballos, comezouse a revisión dos mesmos por parte dos departamentos implicados na xestión do inventario municipal e do inventario do patrimonio municipal do solo e púxose de releve a inexactitude dos mesmos. Tampouco era posible valorar un programa informático que comezaba a instalarse e a administración municipal, neste primeiro intre, limitouse a dar o visto bo ó cambio de programa de boa fe, á vista das alegacións do contratista. Foi unha vez instalado ó comezar a súa utilización cando se estivo en condicións de detectar as súas deficiencias.

2º.- Na acta da comisión de seguimento do contrato de data 19 de maio de 2003 se acorda “Comunicar a Soloplan S.L. a non recepción e admisión do traballo entregado en data 12-05-03, por non abarcar a totalidade dos que son obxecto do contrato. Ilo sen prexuízo de que se proceda a efectuar un análise de calidade e adecuación da documentación entregada ás condicións do contrato”. Dato recoñecido pola propia empresa, na reunión da comisión de data 3 de xullo de 2003, cuxo primeiro asunto da orde do día foi “información, pola empresa Soloplan, da situación actual, traballos pendentes e data da posible finalización dos traballos contratados”. Así, segundo consta na acta “a reunión comeza coa intervención do Sr. Escaríz, o cal expón pormenorizadamente os problemas que tiveran e cuxa consecuencia é a de non ter entregado o traballo terminado a pesar de ter transcorrido 6 meses dende o prazo de entrega ó que obriga o concurso”, acordándose “solicitar de Soloplan que antes do 28 de xullo de 2003, presente a totalidade dos traballos realizados, ben en soporte papel, ben en soporte informático, no seu estado actual”.

3º.- No obstante, é preciso por de manifesto que todas as alegacións efectuadas por Soloplan se apoian en considerar cumprido o contrato, extremo que non procede discutir en sede deste expediente, por cuanto xa foi obxecto de cumprida proba no expediente de resolución contractual, ademais a resolución recaída neste expediente

diente foi sometida a ditame do Consello Consultivo de Galicia, emitido en sentido favorable, revisada de novo en vía administrativa ó resolver a Xunta de Goberno Local o recurso de reposición presentado contra a mesma, resolución obxecto dun posterior recurso contencioso-administrativo que finalizou mediante sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de data 3 de maio de 2007, na que se desestiman as pretensións do actor e se confirma a legalidade da resolución municipal impugnada. Tampouco o feito do aboamento do primeiro prazo do prezo contractual implica o recoñecemento por parte da Administración do cumprimento do contrato, pois de acordo co disposto no artigo 110 LCAP o contrato non se entenderá cumprido polo contratista ata que realice a totalidade do seu obxecto de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, e en todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade que terá que producirse dentro do mes seguinte ó de haberse producido a entrega ou realización do obxecto contractual, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares, actos que non se teñen producido no caso que nos ocupa. O artigo 99.2 da LCAP establece a posibilidade de que o pago do prezo poida facerse de forma parcial, mediante abonos a conta, pagos ós que ten dereito o contratista pero que non supoñen nin cumprimento do contrato, nin supoñen tampouco recepción e aprobación do recibido e se efectúan a conta das resultas da liquidación definitiva, que terá lugar nos termos expresados do artigo 110.

4º.- Soloplan S.L. cuantifica ós traballos realizados en 162. 803, 35 €, e dado que ten cobrado desta Administración un primeiro prazo de 75. 126, 50 €, reclama como liquidación 87. 676, 85 €. Sen embargo, o prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso aberto da asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do inventario establece na súa cláusula 2 como tipo máximo de licitación 26 millóns de pesetas (156. 263, 15 €), prezo mellorado na súa oferta pola contratista, que ofertou a realización do contrato por 25 millóns de pesetas (150. 253, 03 €). Polo tanto o prezo do contrato fixouse en 150. 253, 03 €. A revisión do prezo contractual só poderá ter lugar se se cumpren os requisitos previstos no artigo 103 LCAP (execución dun 20 por 100 do importe do contrato e transcurso dun ano dende a súa adxudicación) e así se prevé no prego de cláusulas administrativas particulares. No entanto, por prescrición da cláusula 3 do citado prego, no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos. E aínda que procedese a revisión de prezos, esta debe realizarse con cumprimento dos procedementos previstos no Título IV do Libro I da LCAP e non de xeito unilateral polo contratista e sen suxeción a requisito procedimental de ningún tipo. Á vista destes datos, resulta totalmente improcedente fixar un prezo contractual superior ó pactado. En calquera caso, e como se detallará no seguinte fundamento xurídico, non procede aboar importe ningún a Soloplan S.L.

- III-

En caso de resolución dun contrato administrativo por incumprimento culpable do contratista, se lle incautará a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada (artigo 113.4 LCAP). A determinación dos danos e perdas que deba indemnizar este se levará a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada, previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ó atraso que implique para a inversión proxectada e ós maiores gastos que ocasione á Administración (113 RLCAP).

En este sentido, e para poder fixar o importe da liquidación do contrato, solicitáronse informes ós servizos de informática e cartografía municipais, en orde a valorar o programa informático e os traballos realizados con respecto á formación do inventario do patrimonio municipal do solo, obrando xa no expediente un informe do Sr. Arquitecto municipal da oficina técnica de patrimonio, valorando a parte dos traballos correspondentes ó inventario municipal de bens e dereitos.

Neste informe ponse de manifesto, entre outros extremos:

- O cúmulo de erros no contido das fichas efectuadas e presentadas, que achaca a descoñecemento, desidia e falta de metodoloxía.
- A non coincidencia entre os datos obrantes nos tomos impresos e os obrantes no programa informático.
- É difícil atopar algunha páxina gráfica o ficha de características que non conteña ningún erro de vulto.

En relación á formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo, a Sra. Arquitecta da oficina técnica municipal de planeamento, en informe de data 2 de maio de 2007 manifesta que tras analizar a documentación existente en papel e en soporte informático extrae as seguintes conclusións:

Respecto ó estado actual:

Detectáronse a seguintes deficiencias:

- Hai parcelas que están no Inventario Xeral que polas súas características, forman parte do P.M.S., pero non se incorporan ao mesmo.
- Danse parcelas de baixa do P.M.S. sen xustificación.
- Falta de investigación da situación actual das propiedades, como parcelas ocupadas por particulares, parcelas xa cedidas ou alleadas.
- Falta documentación das parcelas, como títulos de propiedade, orixe da parcela, data da adquisición e custo, folla correspondente do proxecto de equidistribución, no caso, documentos de venta ou cesión nos casos das baixas, etc.
- Algunha parcela aparecía con dous números diferentes, sendo a mesma (foi rectificado polos servizos técnicos municipais).
- En algúns casos a documentación que recollía a carpetilla non correspondía coa parcela.
- En casos a clasificación urbanística es incorrecta.
- Existen parcelas que se atopan en viais existentes que figuran no P.M.S.
- Nalgún caso faltan toda a documentación, planos e información das parcelas.
- Nos casos de edificios faltan características, noticia sobre a súa construción e estado de conservación. Se están desocupados, ocupados, cedidos, se producen rentas, etc.

Respecto ás valoracións:

Detectáronse a seguintes deficiencias:

- Incorrecta valoración das parcelas. Non se utilizan os métodos de valoración recollidos na lei 6/1998 de 13 de abril sobre réxime do solo e valoracións.
- Non se fai unha valoración individualizada da cada ben, senón que se lle aplica, no caso das parcelas, un prezo por m² que se deduce de multiplicar o P.N.B., correspondente ao ano 2.002, por 0,25. Non se aplica nin o método de valoración establecido na lei 6/1998, segundo a clasificación do solo, no caso de solos urbanos e urbanizables o método residual nas súas distintas modalidades. No informe que acompaña á valoración (en tódalas parcelas é exactamente o mesmo) se di que se realiza dese xeito debido as limitacións que ten o P.M.S. en canto ao seu uso, razoamento que é incorrecto. En todo caso, aínda que así fose, tampouco se ten en conta o valor en venta das vivendas de protección oficial nos seus distintos réximes, tampouco destingue o solo urbano consolidado, non consolidado nin urbanizable, nin os usos ao que se destina o solo, industrial, residencial ou terciario.

Respecto á aplicación informática, o Sr. Xefe do servizo de informática, en data 14 de maio de 2007, informa que esta “nunca foi entregada o Concello, polo menos o Servizo de Informática, si se foi facendo un seguimento da evolución da Aplicación (...) No ano 2006, por parte de Patrimonio pediuse a Informática colaboración para

facen operativa a Aplicación, polo que entramos mais a fondo nela, e o primeiro problema que detectamos foi a falta completa de documentación, tanto da Aplicación como de manuais de usuario, polo que entrar nas tripas da aplicación foi difícil. Para intentar solucionar algúns problemas que foron xurdindo, puxémonos en contacto cós desenroladores da Aplicación, unha empresa que elaborou a Aplicación de Inventario para SOLOPLAN, o nome da empresa é RADARTRADE. Ó falar con eles dixeron que SOLOPLAN non lles había pagado a Aplicación, e que non terían ningún problema en aclararnos as dúbidas e facilitarnos documentación si previamente se lles pagaba a Aplicación ou se negociaba unha forma de pago co Concello”. A continuación fai unha relación das características da aplicación e valora as mesmas, concluíndo que “A solución dos apartados que non están desenrolados ou que necesitan mellorarse, non debería superar, en importe 9.000 €, pero temos o problema de que a empresa que fixo o desenrolo non cobrou de SOLOPLAN, polo que intentarán negociar un importe superior”.

Resultando, á vista destes informes, palmario ó incumprimento dos traballos de revisión do inventario, que só se realizaron parcialmente, e tendo en conta que as fichas realizadas conteñen infinidade de erros que fan inviable a súa utilización, se engadimos o dato de que tampouco é viable a utilización do programa informático no seu estado actual, pola falla de documentación, tanto da aplicación como de manuais de usuario, sendo preciso ademais unha vez que se poida por en funcionamento formar ó persoal, extremo que tamén formaba parte do contrato segundo a mellora introducida polo propio contratista na súa oferta, é inevitable concluír que a cantidade aboada a este en data 31 de outubro de 2002, en concepto de primeiro prazo do prezo do contrato, que ascende á contía de 75. 126, 50 €, foi indebidamente cobrada, polo que resulta preciso reclamarlla.

Dado que para a posta en marcha do programa informático o Sr. Xefe do Servizo de informática e comunicación estima que serían precisos non menos de 9. 000 €, fíxase nesta cantidade a indemnización de danos e perdas. Resultando que ó declarar a resolución contractual, a Xunta de Goberno Local, en data 13 de setembro de 2004, acordou a perda da garantía definitiva constituída por SOLOPLAN, mediante aval da Caixa de Aforros e pensións de Barcelona por importe de 6.010'12 € (Rexistro especial de abaleo nº 9340.03.0352512-19), e que segundo o mencionado artigo 113.4 LCAP en caso de resolución dun contrato administrativo por incumprimento culpable do contratista, se lle incautará a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada, Soloplan deberá aboar a esta Administración a diferenza entre a cantidade fixada como indemnización de danos e perdas e o importe desta garantía incautada: 2.989, 88 €.

Á vista destes datos a informante conclúe que resultando indubitado o incumprimento contractual culpable imputable ó contratista, feito declarado probado por sentenza do Xulgado do Contencioso – administrativo nº 2 de Vigo, de data 3 de maio de 2007 procede decretar tanto a devolución das cantidades indebidamente cobradas como reclamar á Soloplan unha indemnización dos danos e perdas ocasionados á administración municipal por mor deste incumprimento, nos termos establecidos nos dos parágrafos anteriores deste fundamento.

- IV -

Correspóndelle á Xunta do Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe a normativa reguladora das Entidades Locais, a aprobación da liquidación do contrato que foi declarado resolto por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13 de setembro de 2004, e tralo informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal (artigos 127.1 e art. 136 LRBRL).

En mérito ó que antecede *proponse à Xunta do Goberno Local, previo informe e fiscalización da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

“1º- Aprobar a liquidación do contrato de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo, declarado resolto por acordo da Xunta do Goberno Local de data 13 de setembro de 2004, por un importe de 84. 126, 50 € a favor do Excmo. Concello de Vigo, que se desglosa do seguinte modo:

- 75. 126, 50 €, en concepto de cantidades indebidamente cobradas.*
- 9.000 € en concepto de danos e perdas, cantidade da que deberá deducirse o importe da garantía incautada, restando por cobrar, por este concepto, 2.989, 88 €.*

2º.- Reclamar á Soloplan S.L o reintegro da cantidade indebidamente cobrada en concepto de primeiro prazo do prezo do contrato, 75. 126, 50 €, e o aboamento da cantidade pendente da indemnización de danos e perdas, 2.989, 88 €.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e á Asesoría Xurídica deste Concello ós efectos que procedan.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(2126).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes favorables das oficinas técnicas, de Intervención Xeral e de acordo cos informes proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a GUILLEN, MATEOS Y LLOPIZ, ARQUITECTOS S.L. a fianza de 1.160 € constituída para responder da elaboración de proxecto sobre usos a implantar na cidade do Deporte, xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2049/241.

B) Devolver a MONDO IBÉRICA S.A. a fianza por importe de 2.198 € constituída para responder da substitución de pavimento na pista deportiva do Pavillón de Coia, xa que foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2048/241.

c) Devolver a OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO S.L. a fianza por importe de 3.006,50 € constituída para responder da renovación de beirarrúas da rúa Venezuela, xa que foron recibidas mediante acta de 30.04.07 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 630/443.

8(2127).- RECLAMACIÓN DE D. CAMILO FERRO PAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1260/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA- FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 2.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior el, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Camilo Ferro Paz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de outubro de 2006, no que expón que o día 19 de abril de 2006 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 4225-CDB, pola rúa Camilo José Cela, e sufriu unha serie de danos materiais no dito vehículo, tras introducirlo nun sumidoiro existente na vía.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 19/04/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Ferro relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobaban a existencia do sumidoiro en mal estado e de danos no vehículo.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/02/2007, sobre dous sumidoiros no lugar referido.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 11/04/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de ITEM, presentado polo reclamante, por un importe de 232,59 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, en data 23/04/2007, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 28/05/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O periodo de contratación será de tres meses, en xornada de traballo de mañán ou tarde, indistintamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, regulado polo R.D. legislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, tendo en conta, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006), vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo do 2006, para evitar o encadeamento de contratos, que é de 24 meses nun periodo de 30.

Os referidos aspirantes prestarán ós servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e

a parte da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Ordenanza-Porteiro, da Relación de Postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

21(2140).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

A) RÚA ESPERANZA Nº 13. EXPTE. 332/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 29.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmovel localizado en R./ ESPERANZA 13, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
José Manuel Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, 0 D	35197801G	2.647,06	7.000	1.111,76	555,88	555,88
José Manuel Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, 0 E	35197801G	5.483,20	7.000	2.302,94	1.151,47	1.151,47
Mª Consuelo Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, E	35183759S	1.323,53	7.000	555,88	277,94	277,94
Mª Consuelo Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, 1º	35183759S	4.726,90	7.000	1.985,30	992,65	992,65
Julián Alfonso Pérez Gómez	R./ ESPERANZA 13, 2º	36038147E	4.726,90	7.000	1.985,30	992,65	992,65
TOTAL			18.907,59	35.000	7.941,18	3.970,59	3.970,59

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) RÚA TEÓFILO LLORENTE, 55-1º. EXPTE. 348/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 12.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ TEÓFILO LLORENTE 55, 1º, a Ismael García Crespo con NIF. 35988917N das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o

Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Ismael García Crespoa axuda proposta de 12.000,00 que será financiada polo Ministerio de Fomento en 6.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 6.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

22(2141).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE II-03 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.EXPTE. 4555/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Admón. Xeral, do 23.11.07, conformado polo adxunto ó director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de goberno local de 26.12.05 acordou o seguinte: "(...) PRIMEIRO: Estimar a alegación formulada por D. Ricardo Suárez Ramilo (Urbarrío SL) durante o trámite de información pública aberto no procedemento de referencia. Desestimar a alegación de Dª Elisa Pazos Beiro (Talleres Rouco SL) polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo. SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono e redactado polo arquitecto D. J. Enrique López Santander, na súa última versión, de novembro de 2005 (expte. 4555/401). TERCEIRO: Con carácter previo ó traslado do hórreo existente na parcela inicial núm. 16 presentarase na oficina municipal de Patrimonio Histórico unha proposta de relocalización, así como o proxecto de desmontaxe e reconstrucción. CUARTO: A Xunta de Compensación deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses. Tamén deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas de titularidade municipal. QUINTO: Notifíquese este Acordo ós propietarios do polígono, alegantes, xunta de compensación e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á oficina municipal de patrimonio para que inscriba no rexistro de bens as parcelas adxudicadas ó Concello (...)"

O mesmo órgano colexiado o 10.04.06 acordou o seguinte: "(...)PRIMEIRO: Desestima-lo Recurso de Reposición interposto por Dª Elisa Pazos Beiro, en representación da entidade mercantil "Talleres Rouco SL" contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/12/2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UE Ind. II-03 San Andrés de Comesaña, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo <expte. 4555/401> (...)"

O 12.11.07 don Federico Fernández Cervera,, como presidente da Xunta de compensación da Unidade Indus-

trial II-03 San Andrés de Comesaña (expte 4555/401), solicita o pronunciamento municipal no referente o expediente que se tramitou para a aprobación definitiva do proxecto de compensación.

FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Obxecto e natureza das cuestión que se que se solicitan por parte da Xunta de Compensación para completar ou perfeccionar o proxecto de compensación aprobado pola XGL o 26.12.05.-As operacións que plantexa a Xunta de compensación da unidade de execución industrial II-03 San Andrés de Comesaña, son denominadas pola Doctrina como “operacións xurídicas complementarias” ó abeiro do artigo 174 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. As mesmas teñen por obxecto completar ou perfeccionar o instrumento reparcelatario, sen que tales operacións supoñan unha alteración substancial das previsións do mesmo. As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deben ser aprobadas por el órgano urbanístico actuante, con previa aprobación pola Xunta de compensación. Logo do oportuno requerimento municipal o achégase certificado do acordo da assemblea xeral de propietarios integrados na Xunta de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña de 8.05.07. Para a súa formalización o artigo 6º do real decreto 1093/97 permite a utilización dun certificado da Administración actuante.

2.- Rectificacións ou aclaracións que se propoñen.- A operacións xurídica complementaria que se solicita consiste na adopción de acordo de declaración suficientemente xustificada o dominio a favor do Ministerio de Fomento e se considera procedente a reanudación do tracto con respecto ás fincas de orixe número 1, 3 e 26.

A descripción das fincas de orixe no proxecto de compensación aprobado son as seguintes: “(...)

* FINCA NÚMERO UNO -1- DEL PLANO PARCELARIO DE LA UNIDAD DE EJECUCIÓN.

TITULAR: DON JULIO ALONSO ALONSO y su esposa, DOÑA PILAR ARESES COSTAS, vecinos de Vigo, con domicilio en Camiño Romeu, núm. 47, y con D.N.I. 35.830.376-X y 35.879.691-J. Les pertenece con carácter ganancial.

DESCRIPCIÓN: TERRENO llamado UFA O UFÁS DEL NORTE. Mide mil seiscientos treinta metros cuadrados, y limita: Norte, de Avenida de Ricardo Mella; Sur, de José Costas Comesaña y Silenciadores PCG, S.A.; Este, de Dalphi Metal España y Oeste, de José Costas Comesaña y Talleres Rouco S.L.

REGISTRO.- Figura inscrita en el Registro de la Propiedad núm. 3 de Vigo, Tomo 1.528, libro 663, folio 116, finca 51.050.

TITULO: escritura de compraventa autorizada por el Notario de Vigo, D. Gerardo García-Boente Sánchez, de fecha 22 de Enero de 1997, núm. 190 de protocolo, compraventa realizada a Don Carlos Modesto Goberna Conde y esposa, Doña María Elena Vázquez García y Don Gabino Alejandro Goberna Conde.

* FINCA NÚMERO TRES -3- DEL PLANO PARCELARIO DE LA UNIDAD DE EJECUCIÓN.

TITULAR: TALLERES ROUCO S.L., N.I.F. B-36.632.214, domiciliada en Vigo, Avenida de Ricardo Mella, s.n.

DESCRIPCIÓN: TERRENO a labradío, viña y tojal, a los nombramientos de UFA o CORBAS DA COELLA, de la superficie total de mil quinientos cuarenta y cuatro metros cuadrados, y limita: Norte, de José Costas Comesaña; Sur, de Severina Costas Alonso; Este, de Jaime González Hermida, y la empresa Castellón S.A., y Oeste, de carretera Autovía Vigo-Bayona -denominada Avenida de Ricardo Mella-

REGISTRO.- Figura inscrita en el Registro de la Propiedad núm. 3 de Vigo, libro 570, folio 178, finca 43.885, inscripción 1ª.

TITULO: escritura de compraventa autorizada por el Notario de Vigo, D. José María Rueda Pérez, de fecha 13 de Noviembre de 1987, núm. 2.719 de protocolo, compraventa realizada a Don José Manuel Costas Rouco y Doña María Elisa Pazos Beiro.

* FINCA NÚMERO VEINTISEIS -26- DEL PLANO PARCELARIO DE LA UNIDAD DE EJECUCIÓN.

TITULAR: URBARRIO S.L.: sociedad domiciliada en Vigo, calle Roade, 3, 2º A y CIF B 36.894.608

DESCRIPCIÓN: TERRENO nombrado UFA de la superficie de doscientos veinte metros cuadrados, que linda: Norte, de Miguel Abreu; Sur, de regato; Este, de Generoso Costas, y Oeste, de Salvador Costas. .

REGISTRO.- Non figura inscrita.

TITULO: le pertenece por escritura de compraventa otorgada ante el Notario de Vigo, D. José Pedro Río López, de fecha 22 de Octubre del 2004, número 3.127 de su protocolo, otorgada por su anterior propietario integrante de la J.C., Don Severo Costas Costas.(...)”.

Con respecto á finca de orixe número 26, o presidente da Xunta de compensación comunica que a mesma foi inmatriculada no Rexistro da propiedade núm. 3 de Vigo, libro 1.222, folio 190, finca 69.168, inscripción 1ª.

Consultados os datos do proxecto de compensación, as tres fincas descritas con anterioridade resultaron parcialmente afectadas polo expediente de expropiación forzosa tramitado polo Ministerio de Fomento pola execución do “Proxecto de obras de circunvalación de Vigo, tramo Castrelos-Bouzas con Autopista Puxeiros-Val Miñor, proxecto de obras 48 PO 3250”. En total figuran como expropiados 2.021,20 metros cuadrados de terreo e se describen na finca de orixe número 31, cuxo titular é o Ministerio de Fomento.

O proxecto de compensación reproduce o seguinte:

“(…) FINCA INICIAL NÚM. UNO, PROPIEDAD DE JULIO ALONSO ALONSO Y PILAR ARESES COSTAS:

1. Superficie según escritura: 1.630 m2.
2. Superficie real: 1.627,15 m2.
- 3.- Superficie expropiada: 80 m2.
- 4.- Superficie resultante tras expropiación: 1.547,15 m2 (...).”

“(…) FINCA INICIAL NÚM. TRES, PROPIEDAD DE TALLERES ROUCO S.L.:

1. Superficie según escritura: 1.544 m2.
2. Superficie real: 1.544,00 m2.
- 3.- Superficie expropiada: 310 m2.
- 4.- Superficie resultante tras expropiación: 1.234 m2 (...)."

(...) FINCA INICIAL NÚM. VEINTISÉIS, PROPIEDAD DE URBARRIO S.L.:

1. Superficie según escritura: 220 m2.
2. Superficie real: 226,65 m2.
- 3.- Superficie expropiada: 18 m2.
- 4.- Superficie resultante tras expropiación: 208,65 m2 (...)."

(...) FINCA NÚMERO 31: Ministerio de Fomento (...): Total superficie expropiada 1.982,45 m2 más la p.p. correspondiente a la finca 14 –paso servicio común, total 2.021,20 m2: titularidad corresponde al Ministerio de Fomento (...)."

Así mismo, consultado o proxecto de equidistribución, as parcelas de resultado que son causa das de orixe descritas con anterioridade son as seguintes:

- Parcela de resultado A: Finca de orixe números 1, 2, 3 e parte do aproveitamento asignado ó Ministerio de Fomento.
- Parcela de resultado B: Finca de orixe números 4, 4-a , 5, 26, 7, 8, 9, 10, 11, 22 e parte do aproveitamento asignado ó Ministerio de Fomento.

O artigo 9º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de normas complementarias ó regulamento hipotecario para a inscrición de actos de natureza urbanística , establece que cuando algunha das fincas incluídas no proxecto de compensación constare inscrita a favor de persoa distinta de quen xustificare mellor dereito de propiedade daquela, a reanudación do tracto interrumpido poderá realizarse conforme as regras descritas nos puntos 1 a 6. No presente caso, as fincas de orixe números 1, 3 e 26 constan inscritas a nome de don Julio Alonso Alonso e dona Pilar Areses Costas, "Talleres Rouco, S.L." e "Urbarrio, S.L." respectivamente. Parte das fincas aludidas con anterioridade, foron expropiadas polo Ministerio de Fomento e queda suficientemente acreditado no expediente tal extremo. En atención do artigo 9º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, para a reanudación do tracto precísase que se xustifique que o titular rexistral se deu por enterado persoalmente e non formulou oposición (regra 3ª do artigo 9º), constando no expediente a notificación e coñecemento do proxecto de compensación dos titulares das parcelas de orixe números 1, 3 e 26. Así mesmo, como quedou posto de manifesto no acordo da XGL de 20.08.07 no expediente queda suficientemente xustificado o coñecemento por parte do Ministerio de Fomento da tramitación do proxecto de compensación. Polo tanto, enténdese perfectamente xustificada a reanudación do tracto.

Con respecto á finca número 26, o presidente da Xunta de Compensación comunica o 12.11.07 que a mesma está inscrita a nome de "Urbarrio, S.L." no RXP número tres de Vigo, libro 570, folio 178, finca 43.885, inscrición primeira. A reanudación do tracto da mesma queda condicionada a que a inscrición rexistral sexa realmente a nome da mercantil "Urbarrio, S.L.".

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a aprobación á Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, se formula a seguinte PROPOSTA

1.- Acordar a realización da operación xurídica complementaria do proxecto compensación da Unidade de execución II-03 San Andrés de Comesaña aprobado definitivamente polo acordo da XGL o 26.12.05, no sentido de entender xustificada a reanudación do tracto sucesivo das parcelas inscritas no Rexistro da propiedade e descritas no proxecto de compensación como de orixe número 1, 3 e 26. Así mesmo, entender que está plenamente xustificada no expediente a titularidade do Ministerio de Fomento.

2.- Comunicar ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(2142).- ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO ATRIBUIDO Ó CONCELLO NA UE II-PERI UA SENSAT. DECLARACIÓN DE DESERTO. EXPTE. 4721/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo, realizada o 21.11.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o concurso aberto no expediente de contratación administrativa especial para o alleamento do aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello integrado no Polígono II do PERI UA 6 Sensat (Exppte. 4721/401).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

24(2142).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA CUBRIR A ACTIVIDADE EXCEPCIONAL DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 27018/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC acreditando a existencia de saldo para o gasto que se propón e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

A formalización pola Alcaldía Presidencia de contratos laborais-temporais do seguinte persoal que por orden de lista lle corresponde segundo a OEP 2005, Subalternos: Dª Josefa Iglesias Campa, dni. 36 107 073V, Dª Mª Esther Gil Alonso, dni. 36 135 964C. Auxiliares de Admon. xeral: Dª Sofia Prego de Oliver de Castro, dni. 34 995 533K, Dª Mª Belén Gómez Montesinos, dni. 36 073 746V, Dª Beatriz Fernández Iglesias, dni. 36 053 544D. Diplom. Traballo social: Dª Silvia Martínez Guede, dni. 36 142

885H, D^a Paula Gómez Figueiro, dni. 77 000 390R, D^a Azucena Malvido Rodríguez, dni. 78 739 579E, D^a Angela García Martin, dni. 07 850 781F

Cos/as aspirantes que figuran na lista de substitucións, recollida na Acta do Tribunal cualificador das prazas de subalternos da OEP do 2005, de data 19 de xuño do 2007, correspondente as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira e de acordo co disposto nas bases xerais, que lle corresponde por orde de puntuación e aceptan unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción, por acumulación de tarefas

O período de contratación será dun mes, en xornada de traballo de mañá ou tarde, indistintamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, regulado polo R.D. legislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, tendo en conta, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006), vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo do 2006, para evitar o encadeamento de contratos, que é de 24 meses nun período de 30.

Os referidos aspirantes prestarán ós servicios propios da súa categoría profesional no departamento de Benestar Social, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte da paga extraordinaria do posto da Relación de Postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

25(2143).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO IL PIANTO DE ORFEO DENTRO DO FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2007. EXPTE. 10537/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do técnico de Actividades Culturais, do 12.11.07, conformado polo xefe do departamento de Cultura, o concelleiro de cultural e Animación Sociocultural e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto *IL PIANTO DE ORFEO*, dentro do *Festival de Música Are-More 2007*, o día 11 de decembro, ás 21,00 horas, na Parroquia-Santuario María Auxiliadora.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 26.061,20.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
IL PIANTO DE ORFEO.*

En Vigo, o XXXXXXXXX de novembro de dous mil sete.

Dunha parte D. Xesus López Carreira, en calidade de concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice o concerto IL PIANTO DE ORFEO, co tenor KOBIE VAN RENSBURG e LAUTTEN COMPAGNEY, dirixido por WOLFGANG KATSCHNER, no sucesivo O ARTISTA, o martes 11 de decembro de 2007, ás 21,00 horas, no recinto denominado Parroquia-Santuario "María Auxiliadora". O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2007, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 10 de decembro de 2007.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 22.466,55.- Euros máis 3.594,65.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 26.061,20.-Euros (viniaseis mil sesenta e un euros con vinte céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación é de acceso libre e gratuíto até completar o seu aforamento

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2007 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o

CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A

AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.

1.3. BACKLINE.

O CONCELLO subministrará un clave italiano e un órgano.

1.4 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximo ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsable da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por DÚAS persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

26(2144).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2008 (Expte. 2322/335).

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 28.11.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Admitir á licitación as ofertas presentadas por Comasarte, S.L. e Construcciones Artísticas del Noroeste, S.L..

2º.- Rexeitar as propostas presentadas polas empresas seguintes:

- La Fiesta Escénica, S.L.: por presenta-lo modelo de proposición sen asinar.
- Actozero,S.L. por incumpli-lo disposto no artigo 197-1 do texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas xa que o obxecto social da empresa de acordo co artigo 2 dos estatutos da sociedade é a promoción e realización de actividades docentes e de hostelería e estas actividades non teñen relación directa co obxecto do contrato.

3º.- “Adxudicar a “Construcciones Artísticas del Noroeste, S.L.” o concurso para a contratación do deseño e produción das carrozas para a cabalgata de Reis 2008 (expte 2322-335) por un importe de 45.500 euros. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 15-10-2007 e a oferta presentada .”

27(2145).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelarias Rodríguez